Diospyros lotus L., 1753

- dátil-ameixeira, caqui caucásico, c. lila
- caqui de Italia, c. del Cáucaso, ciruelo del Cáucaso
- kakias-arbola, loto-arbola
- caquier del Japó
- Caucasian persimmon, date plum
- caqui-loto, lótus de caqui



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Ericales**	**Ebenaceae**	***Diospyros***

ORIXE

Sueste de Europa e suroeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Árbore pequena, de aproximadamente 5 m. Codia escura e rugosa. Pólas pubescentes. Follas alternas, submembranosas e elípticas, co envés xeralmente máis pálido e pubescente. Flores tetrámeras, excepcionalmente pentámeras. Flores masculinas subsésiles, xeralmente agrupadas de 2 a 3 en cimas curtas. Flores femininas solitarias. Cáliz campanulado, con lóbulos agudos nas flores masculinas; máis aberto nas flores femininas. Corola urceolada, case glabra, con 4 lóbulos ciliados, obtusos e curvos nas flores masculinas, que xeralmente persisten no ápice do froito maduro. Froito subsésil ou aparentemente subsésil, con polpa moi adstrinxente.

HÁBITAT

Bosques subtropicais húmidos e bosques mixtos de montaña. Dende o nivel do mar ata os 1500 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Asia oriental (especialmente na China, en Corea e no Xapón), Asia central e partes de Rusia, Europa central e oriental. Distribucións máis pequenas en América do Norte, América do Sur, Oceanía e algunhas illas do Pacífico.

CURIOSIDADES

Os seus froitos son comestibles e conteñen grandes cantidades de azucres, ácido málico e vitaminas. Secar e conxelar o froito elimina a súa adstrinxencia.